

Compromiso cunha alimentación saudable

EROSKI PROPÓNLLES AOS SEUS SOCIOS INCORPORAR UNHA NOVA ETIQUETAXE QUE CLASIFICA OS SEUS PRODUTOS SEGUNDO A SÚA CALIDADE NUTRICIONAL

- A cooperativa abre un proceso participativo cos seus Socios Cliente para validar a incorporación do modelo de etiquetaxe nutricional Nutri-Score nos seus produtos con marca EROSKI, xunto ao Semáforo Nutricional EROSKI
- A etiquetaxe Nutri-Score está validada pola Unión Europea, e conta co apoio da Organización Mundial da Saúde (OMS)
- Os produtos clasificaríanse en cinco niveis, indicados por letras coloreadas (dende os "A", en verde, aos "E", en vermello) calculados a partir das súas calorías, nutrientes e ingredientes
- De os Socios Cliente avalaren a iniciativa, os primeiros envases con esta nova etiquetaxe nutricional chegarán ás tendas EROSKI a finais deste ano

Elorrio, 14 de setembro do 2018.- [EROSKI](#) avanza no seu compromiso por unha información nutricional clara e transparente para o consumidor e proponlles aos seus Socios Clientes unha iniciativa para mellorar a etiquetaxe nutricional dos seus produtos de marca propia. A proposta consiste en engadir a carón do actual Semáforo Nutricional EROSKI, presente en todos os envases da súa marca, unha clasificación global do produto en función da súa calidade nutricional, nunha sinxela escala de cinco niveis indicados cada un por unha letra e unha cor (do "A" verde ao "E" vermello). Esta clasificación, coñecida como Nutri-Score, calcúlase atendendo ao contido por 100 gramos das calorías do produto, dos nutrientes beneficiosos para a saúde que contén (fibra, proteína, cantidade de froita, verdura, froitos secos e legumes), e dos nutrientes do produto do que se recomenda reducir a inxestión (graxas saturadas, sal e azucres).

"Propoñémoslles aos nosos Socios Clientes a incorporación da etiquetaxe Nutri-Score nos produtos da nosa marca porque actualmente é o modelo de información nutricional máis avalado pola comunidade técnica e científica internacional e mostra os mellores resultados á hora de lle facilitar ao consumidor unha decisión de compra máis saudable", declarou o director de Saúde e Sostibilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

O modelo Nutri-Score creárono académicos das ciencias da alimentación, validouno a Unión Europea e conta coa recente aprobación da Organización Mundial da Saúde (OMS). A cooperativa proponlles aos seus Socios Cliente esta iniciativa logo dunha valoración previa de varios modelos alternativos de etiquetaxe nutricional existentes realizada por expertos en saúde, alimentación e consumo e a asesoría do Comité Científico de EROSKI. *"Supón o complemento óptimo para o Semáforo Nutricional presente actualmente nos nosos envases. Así, o consumidor pode coñecer de xeito sinxelo a valoración nutricional global de cada produto para podelo comparar con outros semellantes e elixir mellor, sen perder a información detallada por nutriente que hoxe lle proporciona o Semáforo Nutricional, tan ben valorado polos consumidores"*, explicou Martínez Berriochoa.

Opinión dos Socios Cliente

A cooperativa inicia esta semana unha campaña participativa entre milleiros dos seus Socios Clientes para dar a coñecer este novo sistema de etiquetaxe nutricional de alimentos. *"A transparencia informativa sobre a calidade nutricional dos alimentos é un aspecto crucial para o consumidor, e é tamén un dos nosos [Compromisos en Saúde e Sostibilidade](#). Queremos corroborar cos consumidores que esta proposta supón un claro avance cara a unha etiquetaxe nutricional máis completa, útil, práctica e comprensible, e que serve de axuda efectiva para configurar unha dieta saudable. Confiamos nunha alta participación, dada a importancia que a saúde ten nas decisións do consumidor"*, explicou Martínez Berriochoa.

A incorporación deste novo modelo de etiquetaxe nutricional na totalidade dos produtos alimentarios comercializados con marca EROSKI sería unha medida transcendental que modificaría os estándares do sector da alimentación en España. Se a iniciativa é avalada polos Socios Cliente da cooperativa, a previsión é que os primeiros envases con esta nova etiquetaxe cheguen ás tendas de EROSKI a finais deste ano.

EROSKI , pioneira en etiquetaxe nutricional avanzada

EROSKI foi pioneira en ofrecerlle unha etiquetaxe nutricional avanzada ao consumidor ao incorporar no 2007 o Semáforo Nutricional no envase dos seus produtos. Supuxo un grande avance no seu momento e hoxe está presente en todos os artigos da súa marca propia. Permítelles aos consumidores coñecer dunha simple ollada a cantidade de calorías, azucres, graxa, graxa saturada e sal que achega unha porción de consumo dun produto e mais as súas porcentaxes sobre o

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



consumo diario a través das cores verde, amarela e laranxa a xeito de semáforo, tal e como o seu nome indica.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE ÍZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)